

4. A Constitución de 1812 ("La Pepa")

Subapartado	Contidos
Identidade e Soberanía: A nación de cidadáns	• Nación Española: É a alma da Constitución (Art. 3). Define que a facultade de establecer leis fundamentais pertence exclusivamente á Nación, é dicir; todos os españois de "ambos os hemisferios" (unindo España e as colonias americanas e Filipinas). Isto foi un intento (tardío) de frear os movementos independentistas, dándolles status de cidadáns e non de colonos.. O concepto de nación e, polo tanto, de soberanía nacional anula o dereito divino dos reis. Esta é a ruptura fundamental co absolutismo. • Concepto de cidadanía: Pasase dun sistema de "estamentos" (onde naces condicionaba quen eras) a un sistema de "clases" baseado na igualdade ante a lei. Os habitantes deixan de ser súbditos para ser cidadáns con dereitos recoñecidos.
Dereitos e Libertades: o individuo protexido.	• Recoñecemento de dereitos individuais: ◦ Liberdade de imprenta. (Art. 371). Un fito que permitiu o nacemento da prensa política e a opinión pública, aínda que as cuestións relixiosas seguían baixo censura eclesiástica. ◦ Dereito á propiedade. Fundamental para a burguesía. A propiedade privada declárase inviolable, o que pon as bases do capitalismo liberal en España. ◦ Inviolabilidade do domicilio. ◦ Dereito á educación elemental. A Constitución obrigaba a establecer escolas de primeiras letras en todos os pobos da monarquía, onde se ensínase a ler, escribir, contar e o catecismo. É o xerme do sistema educativo público • Igualdade Xurídica e Fiscal: Todos os cidadáns son iguais ante a lei e teñen a obriga de pagar impostos en proporción ás súas rendas (fin dos privilexios da nobreza e clero).
Estrutura do Estado: A monarquía limitada.	• Monarquía Moderada Hereditaria: O rei xa no é absoluto; deixa de estar "por riba" da lei para estar "suxeito" a ela; as súas funcións están limitadas pola Constitución. Xura a Constitución e as súas ordes deben ir asinadas polo Ministro correspondente (referendo). • O monarca ten dereito a un "veto suspensivo": pode atrasar unha lei pero non anulala permanentemente, é dicir; O Rei podía negar a sanción dunha lei ata dúas veces en tres anos, pero á terceira as Cortes podían aprobala sen o seu consentimento. Isto causaría grandes conflitos con Fernando VII. • División de Poderes: ◦ Lexislativo: Cortes Unicamerales con amplas atribucións. A diferenza doutros países (Cámara Alta e Baixa), en Cádiz optouse por unha única cámara para evitar que a nobreza e o clero (nunha cámara alta) puidesen bloquear as reformas. ◦ Executivo: O Rei e os seus ministros. ◦ Xudicial: Tribunais de xustiza independentes e unificación de códigos.
Sistema Electoral e Administración local	• Sufraxio Universal Masculino Indirecto: Teñen dereito a voto case todos os homes maiores de 25 anos, pero a elección faise en varios niveis (parroquia, partido e provincia). • Criterio de Propiedade (Censitarismo pasivo): Para votar non facía falta diñeiro, pero para ser elixido Deputado si que se requiría unha <i>"renda anual proporcionada procedente de bens propios"</i>. Era un liberalismo burgués.

Subapartado	Contidos
	• Uniformidade administrativa: <i>Creación de concellos e deputacións provinciais, eliminando as particularidades forais e señoriais -aduanas interiores- para crear un mercado nacional único.</i> Buscábase un territorio gobernado baixo as mesmas regras.
Confesionalidade e Defensa: compromiso e orde.	• Estado Confesional (art 12.): <i>"A relixión da Nación española é e será perpetuamente a católica... única verdadeira".</i> Foi unha concesión dos liberais ós sectores absolutistas e ó clero para conseguir o seu apoio para levar a cabo a revolución liberal. • Milicia Nacional e exército: Distínguese entre o Exército permanente (defensa exterior) e a Milicia (corpo de cidadáns voluntarios armados de ámbito local para defender a Constitución fronte a motíns ou golpes absolutistas).
Vixencia e repercusión en Galicia.	• A Proclamación: En Galicia, a Constitución foi proclamada con festas e cerimoniais en cidades como A Coruña e Vigo, pero foi ignorada en moitas parroquias rurais do interior onde os párrocos se negaron a lela. • A Deputación de Galicia: Nace como órgano de goberno provincial, substituíndo ás antigas institucións do Reino de Galicia, o que xerou unha forte resistencia entre a fidalguía tradicional que perdía poder.